

RESOLUCIÓN 04/2026

Reunida en sesión ordinaria a Xunta Electoral da FEGAN, sendo as 18:30h do 1 de agosto de 2026, estando presentes todas e todos os seus membros emiten a presente resolución por unanimidade cos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- I. A través da Resolución 02/2026 resolvéronse por esta Xunta Electoral as alegacións presentadas ao censo provisional,
- II. Así mesmo, a través da Resolución 03/2026 resolveuse por esta Xunta Electoral o mantemento no censo no estamento e especialidade que lle corresponde segundo normativa das persoas electoras que non tiñan manifestado a súa vontade expresa.
- III. Non se ten presentado ningún recurso a ningunha das resolucións, polo que ambas deveñen firmes.
- IV. Realizados estes trámites, procede a elevación do censo provisional a definitivo, incorporando as alegacións aceptadas na referida resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 8.c do Regulamento Electoral sobre censo electoral definitivo que *“Una vez resoltas as reclamacións, no seu caso, a xunta electoral elevará, no día hábil seguinte, o censo electoral provisional a definitivo, contra o que non caberá recurso ningún.”*

RESOLVEN

Elevar o censo provisional a definitivo e proceder á súa publicación, incorporando as alegacións aceptadas na Resolución 02/2026 e mantendo ás persoas electoras que constaban en varios estamentos e/ou especialidades unicamente no estamento e/ou especialidade que corresponda segundo o establecido na Resolución 03/2026.

Contra a presente resolución non cabe recurso, de conformidade co disposto no artigo 8 apartado c) do Regulamento Electoral.

Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e praxe do presidente, na Coruña, 1 de agosto de 2026.



Aitor Bouza Manso
Secretario Xunta Electoral



Patricio Sánchez Fernández
Presidente Xunta Electoral